



Dirección Xeral de Formación Profesional

Proba para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria Marzo 2026

Proba do ámbito Social

1.º apelido / 1.ºr apelido	
2.º apelido / 2.ºr apelido	
Nome / Nombre	
DNI	



1. Formato da proba / Formato de la prueba

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.
Este ejercicio tendrá una duración máxima de 60 minutos.

Formato

- A proba consta de 25 preguntas tipo test con catro posibles respostas das que só unha é correcta.
La prueba consta de 25 preguntas tipo test con cuatro posibles respuestas de las que solo una es correcta.

Puntuación

- Cada resposta correcta outorgará 1 punto.
Cada respuesta correcta otorgará 1 punto.
- Cada resposta incorrecta restará 0,33 puntos.
Cada respuesta incorrecta restará 0,33 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.
- De apareceren dúas respostas marcadas na mesma cuestión, a resposta considerárase incorrecta.
Si aparecen dos respuestas marcadas en la misma cuestión, la respuesta se considerará incorrecta.
- A puntuación máxima total do ámbito é de 25 puntos.
La puntuación máxima total del ámbito es de 25 puntos.

Procedemento / Procedimiento

- O exame realizarase con bolígrafo azul ou negro.
El examen se realizará con bolígrafo azul o negro.
- Neste exemplar de exame pode realizar as anotacións que desexe.
En este ejemplar de examen puede realizar las anotaciones que desee.
- Unha vez realizada a proba, traslade as respostas elixidas á folla de respostas.
Una vez realizada la prueba, traslade las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.
- Entregue ao tribunal o caderno da proba e a folla de respostas.
Entregue al tribunal el cuaderno de la prueba y la hoja de respuestas.



2. Exercicio / Ejercicio

Texto 1

Plinio o Vello observou o fin de Pompeia desde esta vila do cabo Misena

Aquel fatídico 24 de outubro do ano 79 d. C. o estrondo e a inmensa nube negra que empezou a emerxer do volcán Vesubio puxo en alerta ao naturalista e militar romano Plinio o Vello, que ordenou de inmediato preparar a súa embarcación persoal e varios buques de guerra para pór rumbo a Estabia, no golfo de Nápoles, seis quilómetros ao sur de Pompeia, coa intención de axudar a fuxir á poboación ameazada pola furia do volcán.

En Estabia residía un amigo de Plinio chamado Pomponiano, o cal o convidou a cear e a pasar a noite. Ningún dos dous era consciente da terrible catástrofe que se avestiñaba. A media noite, a situación empeorara e os dous homes decidiron abandonar a casa. Desgraciadamente, o aire xa se mesturara co xofre procedente do volcán e Plinio o Vello derrubouse sen que ninguén puidese facer nada para salvar a súa vida.

J. M. Sadurní, *National Geographic* (2024)

Texto 1

Plinio el Viejo observó el fin de Pompeya desde esta villa del cabo Misena

Aquel fatídico 24 de octubre del año 79 d. C. el estruendo y la inmensa nube negra que empezó a emerger del volcán Vesubio puso en alerta al naturalista y militar romano Plinio el Viejo, que ordenó de inmediato preparar su embarcación personal y varios buques de guerra para poner rumbo a Estabia, en el golfo de Nápoles, seis kilómetros al sur de Pompeya, con la intención de ayudar a huir a la población amenazada por la furia del volcán.

En Estabia residía un amigo de Plinio llamado Pomponiano, el cual le invitó a cenar y a pasar la noche. Ninguno de los dos era consciente de la terrible catástrofe que se avecinaba. A media noche, la situación había empeorado y los dos hombres decidieron abandonar la casa. Desgraciadamente, el aire ya se había mezclado con el azufre procedente del volcán y Plinio el Viejo se desplomó sin que nadie pudiera hacer nada para salvar su vida.

J. M. Sadurní, *National Geographic* (2024)



1. O texto 1 menciona o volcán Vesubio. Un volcán é...

El texto 1 menciona el volcán Vesubio. Un volcán es...

- A unha área afundida da superficie terrestre pola que normalmente discorre un río. / *un área hundida de la superficie terrestre por la que normalmente discurre un río.*
- B unha fenda na superficie terrestre, polo xeral nunha montaña, que expulsa materiais do interior da Terra. / *una brecha en la superficie terrestre, por lo general en una montaña, que expulsa materiales del interior de la Tierra.*
- C unha acumulación triangular de sedimentos depositados na desembocadura dun río. / *una acumulación triangular de sedimentos depositados en la desembocadura de un río.*
- D unha sacudida violenta da superficie terrestre nas zonas de contacto das placas tectónicas. / *una sacudida violenta de la superficie terrestre en las zonas de contacto de las placas tectónicas.*

2. Segundo o texto 1, Estabia está seis quilómetros ao sur de Pompeia. O sur é un punto cardinal que se determina pola...

Según el texto 1, Estabia está seis kilómetros al sur de Pompeya. El sur es un punto cardinal que se determina por la...

- A posición do polo septentrional. / *posición del polo septentrional.*
- B saída do Sol. / *salida del Sol.*
- C posta do Sol. / *puesta del Sol.*
- D posición do Sol ao mediodía. / *posición del Sol al mediodía.*

3. Plinio o Vello navegou ata Estabia, no Golfo de Nápoles. Que é un golfo?

Plinio el Viejo navegó hasta Estabia, en el Golfo de Nápoles. ¿Qué es un golfo?

- A Unha extensión de terra rodeada de auga por todas as partes agás por unha, chamada istmo. / *Una extensión de tierra rodeada de agua por todas las partes excepto por una, llamada istmo.*
- B Un val ocupado polo mar. / *Un valle ocupado por el mar.*
- C Unha extensión de terra rodeada de auga por todas as partes. / *Una extensión de tierra rodeada de agua por todas las partes.*
- D Un grande entrante do mar na costa. / *Un gran entrante del mar en la costa.*

4. O relato do texto 1 acontece na península itálica. Que é unha península?

El relato del texto 1 acontece en la península itálica. ¿Qué es una península?

- A Un grande entrante do mar na costa. / *Un gran entrante del mar en la costa.*
- B Unha extensión de terra emerxida rodeada de auga por todas as partes. / *Una extensión de tierra emergida rodeada de agua por todas las partes.*
- C Unha extensión de terra rodeada de auga mariña por todas as partes agás por unha. / *Una extensión de tierra rodeada de agua marina por todas las partes excepto por una.*
- D Un entrante da costa no mar. / *Un entrante de la costa en el mar.*



5. Segundo o texto 1, Plinio o Vello pasou a súa última noite na casa do seu amigo Pomponiano. Cal é a causa de que haxa noites e días?

Según el texto 1, Plinio el Viejo pasó su última noche en la casa de su amigo Pomponiano. ¿Cuál es la causa de que haya noches y días?

- A O movemento de rotación da Terra. / *El movimiento de rotación de la Tierra.*
- B As estacións do ano. / *Las estaciones del año.*
- C O movemento de translación da Terra. / *El movimiento de traslación de la Tierra.*
- D Os solsticios e equinoccios. / *Los solsticios y equinoccios.*

6. A institución da Unión Europea que ten como función principal definir as orientacións estratéxicas e as prioridades políticas da UE é...

La institución de la Unión Europea que tiene como función principal definir las orientaciones estratégicas y las prioridades políticas de la UE es...

- A o Consello da Unión Europea. / *el Consejo de la Unión Europea.*
- B o Banco Central Europeo. / *el Banco Central Europeo.*
- C o Parlamento Europeo. / *el Parlamento Europeo.*
- D o Consello Europeo. / *el Consejo Europeo.*

7. O sector secundario tamén é coñecido como...

El sector secundario también es conocido como...

- A sector servizos. / *sector servicios.*
- B sector primario. / *sector primario.*
- C sector industrial. / *sector industrial.*
- D sector cuaternario. / *sector cuaternario.*

8. As características dun modelo demográfico tradicional son:

Las características de un modelo demográfico tradicional son:

- A Altas taxas de natalidade, altas taxas de mortalidade, alta esperanza de vida e poboación nova escasa. / *Altas tasas de natalidad, altas tasas de mortalidad, alta esperanza de vida y población joven escasa.*
- B Baixas taxas de natalidade, baixas taxas de mortalidade, baixa esperanza de vida e poboación nova moi escasa. / *Bajas tasas de natalidad, bajas tasas de mortalidad, baja esperanza de vida y población joven muy escasa.*
- C Altas taxas de natalidade, altas taxas de mortalidade, baixa esperanza de vida e poboación nova moi abundante. / *Altas tasas de natalidad, altas tasas de mortalidad, baja esperanza de vida y población joven muy abundante.*
- D Altas taxas de natalidade, baixas taxas de mortalidade, alta esperanza de vida e poboación nova moi abundante. / *Altas tasas de natalidad, bajas tasas de mortalidad, alta esperanza de vida y población joven muy abundante.*



9. Os tres elementos esenciais dun Estado son:

Los tres elementos esenciales de un Estado son:

- A Monarquía, comunidades autónomas e provincias. /
Monarquía, comunidades autónomas y provincias.
- B Territorio, poboación e órganos de goberno. /
Territorio, población y órganos de gobierno.
- C Comunidades autónomas, provincias e municipios. /
Comunidades autónomas, provincias y municipios.
- D Propiedade privada, procura do máximo beneficio e capital. /
Propiedad privada, búsqueda del máximo beneficio y capital.

10. Que é a pesca de gran altura?

¿Qué es la pesca de gran altura?

- A A que se realiza en establecementos industriais chamados piscifactorías. / *La que se realiza en establecimientos industriales llamados piscifactorías.*
- B A que necesita barcos, nos cales se traballa en campañas que duran días ou semanas, en augas relativamente afastadas da costa. / *La que necesita barcos, en los cuales se trabaja en campañas que duran días o semanas, en aguas relativamente alejadas de la costa.*
- C A que implica grandes flotas de pesqueiros conxeladores que traballan en calquera lugar do océano en augas moi afastadas da costa durante varios meses. / *La que implica grandes flotas de pesqueros congeladores que trabajan en cualquier lugar del océano en aguas muy alejadas de la costa durante varios meses.*
- D A que ten lugar en pequenas embarcacións, case sempre familiares, preto da costa e durante unhas horas ao día. / *La que tiene lugar en pequeñas embarcaciones, casi siempre familiares, cerca de la costa y durante unas horas al día.*



Texto 2

Declaración dos Dereitos das Mulleres e das Cidadás

Artigo primeiro. A muller nace libre e permanece igual ao home en dereitos. As distincións sociais só poden basearse na utilidade común.

Artigo segundo. O obxectivo de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescritíbeis da Muller e do Home. Estes dereitos son a liberdade, a propiedade, a seguridade e, sobre todo, a resistencia á opresión.

Artigo terceiro. O principio de toda soberanía reside esencialmente na Nación, que non é outra cousa que a unión da Muller e do Home: ningún corpo, ningún individuo, pode exercer unha autoridade que non emane expresamente deles.

Olympe de Gouges, *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* (1791)

Texto 2

Declaración de los Derechos de las Mujeres y de las Ciudadanas

Artículo primero. La mujer nace libre y permanece igual al hombre en derechos. Las distinciones sociales solo pueden basarse en la utilidad común.

Artículo segundo. El objetivo de toda asociación política es la conservación de los derechos naturales e imprescriptibles de la Mujer y el Hombre. Estos derechos son la libertad, la propiedad, la seguridad y, sobre todo, la resistencia a la opresión.

Artículo tercero. El principio de toda soberanía reside esencialmente en la Nación, que no es más que la reunión de la Mujer y el Hombre: ningún cuerpo, ningún individuo, puede ejercer una autoridad que no emane expresamente de ellos.

Olympe de Gouges, *Declaración de los derechos de la mujer y de la ciudadana* (1791)

11. Cal é unha das ideas principais do texto 2?

¿Cuál es una de las ideas principales del texto 2?

- A** A muller non pode ter os mesmos dereitos que o home. /
La mujer no puede tener los mismos derechos que el hombre.
- B** A lei non debe ser igual para todos. /
La ley no debe ser igual para todos.
- C** A muller e o home deben gozar dos mesmos dereitos. /
La mujer y el hombre deben disfrutar de los mismos derechos.
- D** O principio de toda soberanía reside no rei. /
El principio de toda soberanía reside en el rey.



12. A autora do texto 2 é Olympe de Gouges. Quen foi?

La autora del texto 2 es Olympe de Gouges. ¿Quién fue?

- A** Unha política e activista feminista da Revolución francesa. / *Una política y activista feminista de la Revolución francesa.*
- B** Unha aristócrata francesa de ideas conservadoras contraria á igualdade entre mulleres e homes. / *Una aristócrata francesa de ideas conservadoras contraria a la igualdad entre mujeres y hombres.*
- C** Unha aristócrata francesa defensora da autoridade da monarquía. / *Una aristócrata francesa defensora de la autoridad de la monarquía.*
- D** Unha política xacobina defensora dunha república democrática e do sufraxio universal masculino. / *Una política jacobina defensora de una república democrática y del sufragio universal masculino.*

13. O artigo terceiro do texto 2 establece: «O principio de toda soberanía reside esencialmente na Nación». Que principio do liberalismo expresa?

El artículo tercero del texto 2 establece: «El principio de toda soberanía reside esencialmente en la Nación». ¿Qué principio del liberalismo expresa?

- A** Dereito á propiedade individual. / *Derecho a la propiedad individual.*
- B** Soberanía nacional. / *Soberanía nacional.*
- C** Liberdade de mercado. / *Libertad de mercado.*
- D** División de poderes. / *División de poderes.*

14. Olympe de Gouges morreu guillotínada por opoñerse á política de terror xacobina. Quen eran os xacobinos?

Olympe de Gouges murió guillotínada por oponerse a la política de terror xacobina. ¿Quiénes eran los jacobinos?

- A** Ilustrados franceses que publicaron a Enciclopedia. / *Ilustrados franceses que publicaron la Enciclopedia.*
- B** Monárquicos franceses partidarios de Louis XVI. / *Monárquicos franceses partidarios de Louis XVI.*
- C** Revolucionarios franceses radicais. / *Revolucionarios franceses radicales.*
- D** Revolucionarios franceses moderados. / *Revolucionarios franceses moderados.*

15. O líder dos bolxeviques durante a Revolución rusa chamábase:

El líder de los bolcheviques durante la Revolución rusa se llamaba:

- A** Lenin.
- B** Tsar Nicolás II. / *Zar Nicolás II.*
- C** Brest-Litovsk.
- D** Stalin.



16. O último reino musulmán da península ibérica foi:

El último reino musulmán de la península ibérica fue:

- A O Emirato independente de Bagdad. / *El Emirato independiente de Bagdad.*
- B O Califato de Córdoba. / *El Califato de Córdoba.*
- C O Reino de Navarra. / *El Reino de Navarra.*
- D O Reino Nazarí de Granada. / *El Reino Nazarí de Granada.*

17. Cal é o nome que recibe a etapa do franquismo na que España experimentou unha rápida industrialización, a expansión do turismo e a modernización de infraestruturas?

¿Cuál es el nombre que recibe la etapa del franquismo en la que España experimentó una rápida industrialización, la expansión del turismo y la modernización de infraestructuras?

- A Desarrollismo.
- B Autarquía.
- C Transición.
- D Nacionalcatolicismo.

18. Na Galicia do Antigo Réxime, como se chamaba o contrato de longa duración que vinculaba ao labrego cun nobre ou a Igrexa polo uso das súas terras a cambio dunha renda?

En la Galicia del Antiguo Régimen, como se llamaba el contrato de larga duración que vinculaba al labrador con un noble o la Iglesia por el uso de sus tierras a cambio de una renta?

- A Foro. / *Foro.*
- B Domestic System.
- C Vasalaxe. / *Vasallaje.*
- D Colleita. / *Cosecha.*

19. Cal foi o medio de transporte emblemático da Primeira Revolución Industrial?

¿Cuál fue el medio de transporte emblemático de la Primera Revolución Industrial?

- A Globo aerostático. / *Globo aerostático.*
- B Automóbil. / *Automóvil.*
- C Aeroplano. / *Aeroplano.*
- D Ferrocarril. / *Ferrocarril.*

20. Unha das razóns que explican o paso do Paleolítico ao Neolítico foi a aparición da...

Una de las razones que explican el paso del Paleolítico al Neolítico fue la aparición de la...

- A metalurxia. / *metalurgia.*
- B escritura. / *escritura.*
- C cidade. / *ciudad.*
- D agricultura. / *agricultura.*



21. Que desenvolvemento normativo é necesario ante a insuficiencia coercitiva das normas morais?

¿Qué desarrollo normativo es necesario ante la insuficiencia coercitiva de las normas morales?

- A Un órgano disciplinario. / *Un órgano disciplinario.*
- B Un código lexislativo. / *Un código legislativo.*
- C Unha moral relixiosa. / *Una moral religiosa.*
- D Unha moral ríxida. / *Una moral rígida.*

22. Que ámbito da ciencia moderna obriga a unha vixilancia e avaliación ética?

¿Qué ámbito de la ciencia moderna obliga a una vigilancia y evaluación ética?

- A A astrofísica. / *La astrofísica.*
- B A antropoloxía. / *La antropología.*
- C A xenética. / *La genética.*
- D A enxeñería. / *La ingeniería.*

23. Que dereitos aglutina a segunda xeneración dos dereitos humanos?

¿Qué derechos aglutina la segunda generación de los derechos humanos?

- A Dereitos económicos, sociais e culturais. / *Derechos económicos, sociales y culturales.*
- B Dereito á saúde e a un medio ambiente san. / *Derecho a la salud y a un medio ambiente sano.*
- C Liberdades / *Libertades.*
- D Dereito á paz e a solidariedade. / *Derecho a la paz y la solidaridad.*

24. A autonomía moral dun individuo defínese...

La autonomía moral de un individuo se define...

- A pola capacidade de facer o que lle mandan. / *por la capacidad de hacer lo que le mandan.*
- B pola capacidade de tomar decisións por un mesmo. / *por la capacidad de tomar decisiones por uno mismo.*
- C pola incapacidade de pensar por si mesmo. / *por la incapacidad de pensar por sí mismo.*
- D por actuar de acordo ao que a sociedade espera del. / *por actuar de acuerdo a lo que la sociedad espera de él.*



25. Que filósofo Ilustrado publicou a obra *Sobre a paz perpetua*, na que invita a crear as condicións lexislativas que impidan as guerras?

¿Qué filósofo Ilustrado publicó la obra *Sobre la paz perpetua*, en la que invita a crear las condiciones lexislativas que impidan las guerras?

-
- A** Jean-Jacques Rousseau
 - B** Immanuel Kant
 - C** John Locke
 - D** David Hume